

INFORMACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Este programa permite que nenos e nenas convivan, se divirtan e desenvolvan valores durante o período estival, mentres as familias contan cun recurso que lles permita compatibilizar a súa vida persoal, laboral e familiar.

Está pensado como un espazo para o coidado, entretemento e a aprendizaxe non formal no que se promoverán os valores da igualdade, a participación e o traballo en grupo. As actividades están planificadas para nenos e nenas que teñan os 7 anos cumpridos en adiante e desenvolveranse nos meses de **xullo e agosto** no **pavillón polideportivo de San Martiño de Porto** do Concello de Cabanas, con posibilidade de realizar tamén algunha actividade tanto no parque do Areal como no piñeiral e praia da Madalena.

O horario do programa é **das 9:00 ás 14:30 h**, aínda que hai a posibilidade de entrar ás **08.00 h**.

Crearase un grupo de difusión de WhastApp para manter informadas ás familias e que estas poidan comunicar ou consultar algún asunto urxente relacionado co campamento deportivo.

ASPECTOS IMPORTANTES QUE SE DEBERÁN CUMPRIR

- As/Os nenas/os deber ser **acompañadas/os ata a entrada do Pavillón polideportivo de San Martiño de Porto** e asegurarse de que son recibidas/os polo monitorado.
- A **roupa e calzado** coa que veñan vestidos/as deben ser cómodos e con posibilidades de mancharse. Haberá saídas á praia, polo que deberán levar unha mochila que incluírá toalla, traxe de baño, sandalias ou chanclas, crema de protección solar e unha gorra. Como farán distintas actividades, o monitorado avisará o día anterior da indumentaria máis correcta para o bo desenvolvemento do programa de actividades
- A media mañá farase un pequeno descanso para recuperar forzas cunha **merenda** que deberán traer da casa. Fomentaranse as merendas saudables, polo que se recomenda que leven froita, e produtos saudables, evitando os produtos e doces industriais. Por último, é imprescindible que leven unha **botella de auga**.

ORGANIZACIÓN E RECOMENDACIÓNS XERAIS

- Deberase comunicar ao persoal organizador do campamento deportivo calquera apoio e adaptación que sexa pertinente, para o mellor aproveitamento das persoas participantes nas actividades.
- Prégase puntualidade nas horas de entrada e recollida.
- Se o neno/a vai faltar durante un mínimo de 3 días é necesario comunicalo ao monitorado ou ás persoas coordinadoras.
- En calquera caso, nas circunstancias relacionadas coa conciliación persoal, laboral e familiar, as familias poden solicitar a participación da/o nena/o noutro horario. Para iso deberán consultalo previamente co persoal responsable do campamento deportivo.
- Recoméndase non mandar xogos e xoguetes da casa, ou si se mandan, entender que o resto de nenos e nenas xogarán con iso. O persoal técnico do campamento deportivo non se fará responsable de posibles danos ou extravío destes obxectos.
- Toda a información relativa a alerxias, enfermidades, tratamentos ou algunha outra cuestión médica, deberá comunicarse ao monitorado coas indicacións pertinentes.

PAGAMENTO

O pagamento (**mensual: 65 €/participante** ou **quincenal: 40 €/participante**), unha vez aceptada a solicitude de inscrición, farase directamente nas Oficinas Xerais do Concello con tarxeta bancaria ou por transferencia bancaria no seguinte número de conta:

ES13 2080 0201 9831 1000 0052

Neste último caso indicárase, no **concepto** do ingreso, os seguintes **datos**:

- **Campamento deportivo 2023**
- **Nome e apelidos da/o nena/o participante**
- **Quenda correspondente (quincena ou mes de xullo ou agosto)**

En todo caso, o **pagamento efectuarase unha vez sexa confirmada a praza**.